

INTERVENCIÓN DE MANUEL BALTAR, PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE NA X FESTA DA PALABRA NA INSUA DOS POETAS.

“A maldición principia co *Breviario Auriense* (1485) e o *Misal Auriense*, impreso en Monterrei en 1494, maldición enerxicamente renovada por Díaz Tanco, impresor do século XVI. Por certo, na librería Tanco-cando estaba no Paseo- vecei eu a lectura de libros en cuxo colofón non figuraba Ourense, redactados algúns por coterráneos ilustres...” Así é como remata Bieito Iglesias, aquí presente, o penúltimo capítulo do seu *O ouro de Ourense*.

Volume primorosamente editado -con extraordinarias fotos de Xulio Gil- que sempre que podo recomendo e que me permitiu descubrir que no mapamundi das letras, por obra e graza da literatura, xunto ó imperio Tolstoi, o condado Faulkner e o *boulevard* Balzac, poñamos por caso, figuran o arrabaldo Blanco Amor, o paseo Risco, o xardín Álvarez de Nóvoa, o salón pacego Otero Pedrayo, o misterioso territorio arraiano Méndez Ferrín, a carpa circense Carlos Casares e outros moitos espazos de preciosidades diversas que, volvendo a Bieito Iglesias, “edifican unha cidade sobre os soficos da saudade e da dor (a que nace de confundir desexo e realidade) e que, en nada, se parece ó núcleo urbano coagulado na historia.

Sen pretender contradicir, nin moito menos, ó autor de *Miss Ourense* -hoxe aquí galardoado, entre as carballas desta Insua tosariana- entendo como benzón o que il chama “maldición”, xa que ambos e dous acreditamos nunha intensa literatura ourensá que, volvendo á cita de Iglesias Araúxo, “non asenta na concentración de poder simbólico -político- nin no mecenazgo económico, senón na teima e no esforzo voluntarista de varias xeracións de escritores.”

Precisamente por iso, na actual encrucillada da cultura galega, pexada polo dirixismo acaparador de algúns e polo anquilosamento de certas institucións, ateigadas de persoeiros, incapaces de dar respostas participativas ás demandas dos colectivos e das individualidades máis dinámicas e creativas, Ourense recobra protagonismo.

Estamos ás portas do centenario de Nós, moito máis ca unha revista, unha xeración completa que revolucionou, desde Ourense, a Galicia do Século XX e que nos conectou, especialmente, coa Europa dos pobos e as nacións sen Estado, unha Europa na que nin figurabamos. Europeizar e universalizar a partir da propia identidade, sermos Nós no mundo. Velaí a raíz dun galeguismo sen apelidos, firme esteo que cómpre afincar, máis que nunca, nestes tempos. Tan semellantes, por convulsos, ós que afrontaron os mozos ourensás en 1913, 1915 e 1916, “un tempo de severo gozo” en palabras de Otero Pedrayo, a carón do mestre Antón Lousada Diéguez.

Desde logo, non se trata de reivindicar agora, cen anos despois, aquela condición, mais ben nominal, de Atenas de Galicia. Nin sequera no sentido da *polis* cultural en tensión constante. Pola contra, Ourense constitúese aberto e apto, diríamos que estratéxico, para a refundación e o rescate. Partindo da ourensanía, unha peculiaridade que non inventou ninguén, que está aí, que perdura de vello, desde antes de don Pío Ramón Oxea, pai de Ben Cho Shey.

Ourensanismo que Don Ramón Otero Pedrayo define, no estremecedor *Libro dos amigos* (1953), como “xénero de espírito e costume de optimismo animado por a crítica leda, non pouco *scherzante*. O amor por as formas e as ideas sin afondar sinon o preciso, que endexamais tolle o engado amable das horas. Un senso de igoaldade ca soia condición do inxenio e a simpatía. Ensoñador camino de moitas voltas por o mundo que remata sempre na terra ourensá.”

O mesmo ourensanismo e o mesmo galeguismo que profesou, silandeiro e firme, Don Víctor Campio Pereira. Sempre a voltas coas palabras, nunha pelerinaxe constante, “nun exilio digno do acougo do amor, na matriz dunha gabia con lentura”, como dixo dil Manuel Outeiriño, no limiar de *O aire, a luz e o canto*, Poesía reunida (1987-2006). Libro esencial que, se as súas fillas están de acordo, imos reeditar, en colaboración coa fundación Insua dos Poetas, da que Don Víctor foi patrono fundador. Refresquemos uns poucos versos seus:

*“Palabra amante, bico
do ensoñó que teimara
na profundeza núa,
alí onde todo acaba...”*

*Palabra amante, bico
nos beizos desta cara
que tén un corpo: TERRA
e tén un nome: PATRIA.”*

A partir de hoxe, o poeta Víctor Campio Pereira incorpórase, como xa dixo o seu amigo Luís González Tosar, á nómina das voces que eiquí respiran aire de liberdade, que alumean coa luz do seu espírito e que ofrecen un canto solidario, a verba que Víctor Campio comparte con Curros Enríquez, con Celso Emilio Ferreiro, con Eduardo Blanco Amor, con Pura Vázquez e, no próximo 2019, con Antón Tovar.

Teño dito moitas veces que son ourensano e que creo en Ourense. Pero tamén son galego e creo nesta nosa nación cultural bimilenaria, neste noso país que tivo que loitar pola autonomía e que, con non pouco esforzo acadou o actual autogoberno. Nese camiño, nese galeguismo político que defenderon non poucos ourensanos, os de dentro e os de fóra, estaremos sempre. En todos os recunchos desta provincia, no resto de España, en Buenos Aires, Montevideo, La Habana, Caracas, Salvador de Bahía, México, Panamá e Nova York...En calquera lugar de América, de Europa e de Oceanía, alí onde haxa unha ourensá ou un ourensano, estaremos.

Que ninguén dubide, con Ourense e con Galicia non se xoga. Por riba das ideoloxías, das reviravoltas das formacións políticas, do ir e vir da política de cada día, esta o que permanece, O POBO, A TERRA e A FALA. Como na obra de Xosé Luís Méndez Ferrín:

E lembro aquí, Mestre Ferrín, os primeiros versos do seu poema “Ouréns”, incluído en “ O FIN DUN CANTO”, obra editada en 1982:

“De veras esterrece o matiz das papoulas
polo meio das viñas dos estíos de antaño.
Agre, un cheirume picante e mazairas en froito
eo esguío circuito das vésporas gulapentas
incendia os porpiaños de alpendres e murallas
con todo o sol infernal da sesta na miña patria
perdida”

O meu agradecemento a todas e a todos os que hoxe vos achegastes á Insua dos Poetas, parabéns ós premiados. Convídevos a develar a peza escultórica que o escritor Luís González Tosar soñou e realizou, neste espazo marabilloso, de natureza, literatura, arte e todo o que sexa creatividade, na memoria do seu mestre Don Víctor Campio Pereira. Beizón e Saúde!!!